

CORUÑA
CORUÑA
CORUÑA
CORUÑA

Č10 XV Carreira Popular

SE CHE PRESTA,
Á CIDADE TAMÉN.

3/10/21

O DEPORTE
ESTÁ DE VOLTA.



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

PROTOCOLO ANTICOVID19 – MEDIDAS DE ACTUACIÓN

ÍNDICE

INFORMACIÓN XERAL	2
TEST DE ANTÍXENOS E DECLARACIÓN RESPONSABLE.....	2
RECOLLIDA DE DORSAIS.....	3
COMPETICIÓN.....	3
PREMIOS E TROFEOS	7

INFORMACIÓN XERAL

Esta edición cumprirá en todo momento coas recomendacións establecidas para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade provocada pola COVID-19, partindo do protocolo FÍSICOVID–DXT GALEGO da Federación Galega de Atletismo, certificado pola Secretaría Xeral para o Deporte con data do 9 de xuño de 2021, e en función da evolución da pandemia estará sometida, en todo caso, ao cumprimento das normas de prevención da COVID-19 que establezan as autoridades sanitarias en cada momento.

Polo que a organización, o Concello da Coruña e a Federación Galega de Atletismo, por causas de forza maior, reservaranse o dereito de realizar os cambios que sexan necesarios, previo acordo entre ambas partes, e que serán comunicados e difundidos entre as persoas inscritas, para o seu coñecemento.

CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN

Todo participante declara que ten lido, entendido, aceptado e se compromete a cumprir o protocolo de prevención COVID-19 desta proba, colaborando en todo o posible coa Organización.

No caso de ter síntomas compatibles coa COVID-19 ou ter estado en contacto con algún positivo nos últimos 10 días non pode presentarse na recollida do dorsal ou na proba deportiva.

DESPRAZAMENTOS

Aqueles participantes e acompañantes que veñan de fora de Galicia e/ou estiveran nos últimos catorce días en territorios de alta incidencia epidemiolóxica COVID, inescusablemente deberán comunicarllo de forma veraz ao Servizo Galego de Saúde a través de: <https://www.sergas.es/A-nosa-organizacion/Benvida-viaxeirxs?idioma=ga>

TEST DE ANTÍXENOS E DECLARACIÓN RESPONSABLE

INFORMACIÓN XERAL TEST DE ANTÍXENOS

Cada participante na retirada do dorsal, deberá achegar un certificado dunha proba PCR ou de antíxenos negativa CERTIFICADA por farmacia ou servizo médico cun máximo de 72h antes do inicio da proba, sendo validos aqueles certificados coa data do xoves 30 de setembro, venres 1 de outubro, sábado 2 de outubro ou o domingo 3 de outubro.

É imprescindible que dito certificado sexa entregado xunto coa declaración responsable para recibir o dorsal de carreira. Sen dita documentación o dorsal non será entregado e a participación na carreira non será posible.

FAQ: Unha mesma persoa pode recoller varios dorsais de carreira? Si, sempre que conte coa autorización dos atletas e entregando a declaracións responsables e mostrando o certificados negativos dunha proba PCR ou de antíxenos.

FAQ: Ten a mesma validez un certificado de vacinación cun test de antíxenos ou PCR? Non, para participar no evento é preciso o test de antíxenos ou PCR, a actual normativa sanitaria así o require.

REALIZACIÓN DE TEST

Nesta edición, a organización pon a disposición de todos os participantes interesados e de forma gratuíta a realización do test de antíxenos.

A zona de realización de test estará ubicada no aparcadoiro do Pazo dos Deportes de Riazor no seguinte horario:

- Xoves día 30 de 17:00h a 21:00 horas
- Venres día 1 de outubro de 17:00 a 21:00 horas
- Sábado de 10 a 14 e de 17:00 a 21:00 horas.

[É preciso seleccionar o día de realización do test na seguinte Ligazón \(Aquí\)](#)

FAQ: Só teñen validez os test realizados pola organización? Non, son valedoiros todos aqueles test de antíxenos ou PCR realizados en farmacias, clínicas, etc., sempre que sexan acompañados do seu respectivo certificado, cunha antelación máxima á celebración da proba de 72h.

RECOLLIDA DE DORSAIS

Informarase ás persoas inscritas da hora de recollida de dorsais e camisetas. Entregaranse o venres e sábado previos á proba, **no Corte Inglés de A Coruña (Rúa Ramón y Cajal, 57 e 59)** e excepcionalmente o día da competición.

- Venres día 1 de outubro de 17:00 a 22:00 horas.
- Sábado día 2 de outubro de 10:00 a 21:30 horas.
- Excepcionalmente o 3 de outubro, ata 30 min antes da presaída asignada para cada participante

COMPETICIÓN

ZONA DE QUECEMENTO

Será obrigatorio o uso de máscara durante o quecemento, mantendo a distancia de seguridade interpersoal de 1,5m.

Soamente haberá servizos químicos (WC) nas inmediacións da zona de saída/meta e nunha zona próxima ao avituallamento intermedio. Para evitar aglomeracións e en cumprimento do protocolo de prevención COVID-19, non haberá servizo de gardarroupa, nin servizo de duchas.

SAÍDA E ZONA DE PRE-SAÍDA E SAÍDA

10^o XV Carreira Popular

ORGANIZACIÓN SAÍDAS

15 series de 100 corredores/as, as 14 primeiras con dez minutos (10') de intervalo entre cada unha delas, sendo a primeira ás 9:00 h (ver **cadro de distribución horaria**).

Cada dorsal levará impreso: **Nº de serie**, horario de **SAÍDA**, e de **PRESAÍDA** correspondentes.

ZONA PRESAÍDA: todos/as os/as participantes deberanse presentar, con rigorosa puntualidade, **soamente dez minutos (10') antes da SAÍDA** da súa serie.

No acceso á PRE-SAÍDA realizarase o control de dorsais, temperatura e do uso de máscara. Nesta zona permitíranse os exercicios de quecemento e serán en todo momento **obrigatorios o uso de máscara** e o mantemento da **distancia interpersonal**.

ZONA SAÍDA: ao pasar á zona de SAÍDA, poderase retirar a máscara no momento que a organización o indique. Será **obrigatorio permanecer estático/a cada corredor/a no seu punto**, e agardando atentamente **a voz de "aos seus postos"** dos xuíces de saída, momento no que se poderá abandonar o punto e situarse agrupados/as ata o disparo na liña de SAÍDA.

A derradeira serie corresponderá á Serie Elite (os/as máis rápidos/as), con SAÍDA prevista para ás 12:15 h

PATROCINAM

O DEPORTE ESTÁ DE VOLTA.

Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

- **Ĉ10** As saídas estarán repartidas en 15 series de 100 corredores/as, con dez minutos (10') de intervalo entre cada unha, e estando prevista a primeira (correspondente aos corredores/as con peores tempos), para ás 9:00 horas.
- **Ĉ10** Habilitarase unha zona de PRE-SAÍDA, onde todos/as os/as participantes deberán de presentarse, con rigorosa puntualidade, soamente dez minutos (10') antes do horario de SAÍDA da súa Serie (ver cadro de distribución horaria).
- **Ĉ10** Cada dorsal levará impreso o número de cada Serie, así como o seu horario de SAÍDA e de presentación en PRE-SAÍDA correspondente.
- Serie 1: Pre-saída (8:50 horas) – Saída (9:00 horas), do 0100 ao 0199
 - Serie 2: Pre-saída (9:00 horas) – Saída (9:10 horas), do 0200 ao 0299
 - E así sucesivamente...
- **Ĉ10** A derradeira serie corresponderá á Serie Élite (os máis rápidos), con SAÍDA prevista para as 12:15 horas.
- **Ĉ10** ZONA PRE-SAÍDA: No acceso á PRE-SAÍDA, realizarase o control de dorsais, temperatura, e o uso de máscara. Nesta zona permitiranse os exercicios de quecemento, sendo en todo momento obrigatorio o uso de máscara, e o mantemento da distancia interpersonal.
- **Ĉ10** ZONA SAÍDA: Ao pasar á zona de SAÍDA, poderase retirar a máscara, sendo obrigatorio permanecer estático cada corredor/a no seu punto, e agardando atentamente á voz de “aos seus postos” dos xuíces de saída, momento no que se poderá abandonar o punto, e situarse agrupados ata o disparo na liña de SAÍDA.



HORARIOS E DISTRIBUCIÓN DE SAÍDAS



♫10 XV Carreira
Popular

ORGANIZACIÓN DAS SAÍDAS - HORARIOS DE DISTRIBUCIÓN DE SAÍDAS

Serie 1: Pre-saída (8:50 h) – Saída (9:00 h), do 0100 ao 0199

Serie 2: Pre-saída (9:00 h) – Saída (9:10 h), do 0200 ao 0299

Serie 3: Pre-saída (9:10 h) – Saída (9:20 h), do 0300 ao 0399

Serie 4: Pre-saída (9:20 h) – Saída (9:30 h), do 0400 ao 0499

Serie 5: Pre-saída (9:30 h) – Saída (9:40 h), do 0500 ao 0599

Serie 6: Pre-saída (9:40 h) – Saída (9:50 h), do 0600 ao 0699

Serie 7: Pre-saída (9:50 h) – Saída (10:00 h), do 0700 ao 0799

Serie 8: Pre-saída (10:00 h) – Saída (10:10 h), do 0800 ao 0899

Serie 9: Pre-saída (10:10 h) – Saída (10:20 h), do 0900 ao 0999

Serie 10: Pre-saída (10:20 h) – Saída (10:30 h), do 1000 ao 1099

Serie 11: Pre-saída (10:30 h) – Saída (10:40 h), do 1100 ao 1199

Serie 12: Pre-saída (10:40 h) – Saída (10:50 h), do 1200 ao 1299

Serie 13: Pre-saída (10:50 h) – Saída (11:00 h), do 1300 ao 1399

Serie 14: Pre-saída (11:00 h) – Saída (11:10 h), do 1400 ao 1499

Serie Elite: Pre-saída (12:05 h) – Saída (12:15 h), do 0000 ao 0099

**SE CHE PRESTA,
Á CIDADE TAMÉN**

3/10/21

PHOTOCOMM



Sabadell



POWERADE

sanbrandan



O DEPORTE ESTÁ DE VOLTA.



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

FAQ: Se chego tarde a miña quenda, podo participar igualmente na carreira? Non, se non estás presente na túa hora asignada, non poderás participar no evento, xa que todas as series están previamente programadas.

FAQ: Podo elixir a miña quenda de saída? Non, as quendas de saída están programadas segundo o teu tempo/ritmo de carreira.

META

Na liña de meta, os participantes recibirán unha máscara que deberán colocar tan pronto como sexa posible. Tamén terán unha bolsa de produtos alimenticios e bebidas de xeito individual.

Non haberá nin servizo de fisioterapia, nin duchas, nin zona de espera, nin cambiadores.

Unha vez rematada a carreira, oa/as participantes deberán abandonar a zona de competición o antes posible.

PREMIOS E TROFEOS

ENTREGA DE TROFEOS

Só haberá entrega de trofeos para os tres primeiros clasificados absolutos homes e mulleres. Realizarase no podio instalado na zona de meta o día da carreira.

Informaráselle por medio do mail, ao resto de categorías da forma de entrega do seu trofeo correspondente.

A zona de entrega de medallas terá o perímetro completamente pechado e para acceder a ela é imprescindible o uso da máscara.

Só poderán permanecer nesta zona os/as atletas con dereito a premio, as autoridades que fagan as entregas, e o persoal de staff e voluntariado necesario para a entrega.

Na zona de premiación só poderán acceder os medios de comunicación acreditados.